

2 de Abril

Día Internacional do Libro Infantil

Dende o ano 1967 vense celebrando, a instancias da IBBY (International Board on Books for Young People), o Día Internacional do Libro Infantil, cada 2 de abril, lembrando o nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen.

Cada ano, unha Sección Nacional da IBBY faise cargo da elaboración do cartel e a mensaxe dirixida ás nenas e nenos. Este ano 2004 correspóndelle a Grecia. O tema elixido foi *A luz dos libros*. A escritora deste país, Angeliki Varella realizou o texto e o cartel foi ilustrado por Nicholas Andrikopoulos.

Pódese acceder á mensaxe no apartado de Fomento da Lectura, sección de Bibliotecas Escolares, do Portal Educativo: www.edu.xunta.es/portal

A biblioteca escolar é un dos espazos que pode acoller actividades para a conmemoración deste día:

- * Exposicións de diferentes edicións dos contos de Hans Christian Andersen (*O parruliño feo*, *O soldadiño de chumbo*, *O traxe novo do emperador*, *A raíña das neves*, *A vendedora de mistos*, *A princesa e o chicharo...*)
- * Exposicións de libros de literatura infantil e xuvenil, singulares polo seu contido ou as ilustracións que conteñen
- * Narracións ou lecturas en voz alta de contos e poemas
- * Deseño de debuxos para tapas dos contos lidos ou escoitados nestas actividades



O bibliotecario
Giuseppe Arcimboldo

O día 23 de Abril é unha data curiosa para a historia da literatura ó coincidir, no mesmo día do ano 1616, a morte de tres escritores universais: William Shakespeare, Miguel de Cervantes e Garcilaso de la Vega. Tamén un 23 de abril de anos posteriores naceron outros escritores como Vladimir Nabokov ou Josep Pla.

Polo simbolismo desta data, a Conferencia Xeral da Unesco, no ano 1995, escolleu o 23 de abril para a conmemoración do Día Mundial do Libro e do Dereito de Autor, coa fin de fomentar a lectura e recoñecer a contribución dos autores ó progreso social e cultural.

Entre as actividades que poden organizarse na biblioteca escolar, salientan:

- * Selección e divulgación de libros de especial significado pola súa calidade de contido e ilustración
- * Lecturas colectivas, organizadas de forma aberta ou ben arredor dun texto ou unha temática concreta, e nas que pode participar toda a comunidade educativa
- * Exposición de «libros preferidos»: os integrantes do alumnado e profesorado aportan o seu «libro preferido», explicando nun texto breve a súa experiencia co mesmo (poden recollese posteriormente nunha publicación)

Un libro é coma un xardín que se leva no peto.

Proverbio árabe

23 de Abril

Día Mundial do Libro

lendo en abril

**Bibliotecas
escolares
de Galicia**



XUNTA DE GALICIA

A biblioteca escolar é un centro de recursos da información, unha mediateca, que pon ó servizo de toda a comunidade educativa existentes fondos documentais impresos, no centro, en soporte multimedia, audiovisual ou multimedia.



A biblioteca escolar: un espacio educativo

A biblioteca escolar é un recurso educativo que facilita:

- * Apoio ós procesos de ensino e aprendizaxe
- * Aprendizaxe autónoma
- * Achegamento ós distintos soportes documentais
- * Educación no acceso á información: educación documental
- * Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento da mesma, e na selección de lecturas
- * Creación e consolidación do hábito lector
- * Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares
- * Acceso igualitario ós recursos culturais
- * Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer
- * Apoio ó alumnado con necesidades educativas específicas

A biblioteca escolar acolle, organiza e facilita ós seus usuarios:

- Libros
- Libro - xogo
- Revistas
- DVD
- Vídeos
- CD-Rom audio
- CD-Rom Multimedia
- Fotografías, diapositivas
- Mapas, gráficos
- Internet
- ...

Os procesos da lectura para saber, para comprender, para emocionarse, para compartir: Lese para sonñar e para aprender a sonñar.

José Morais. El arte de leer



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa